

ANTEPROXECTO

COMUNICADO Nº 334/23

12 DE DECEMBRO DE 2023

2024

**REGULAMENTO XERAL DO CAMPIONATO DE
GALICIA DE MONTAÑA 2024**



**FEDERACIÓN GALEGA DE
AUTOMOBILISMO**

- ARTIGO 1: APLICACIÓN.**
- ARTIGO 2: DEFINICIONS.**
- ARTIGO 3: VEHICULOS ADMITIDOS.**
- ARTIGO 4: NORMAS A CUMPLIR POLOS EQUIPOS.**
- ARTIGO 5: DEREITO DE INSCRICION.**
- ARTIGO 6: CLASIFICACION DAS PROBAS.**
- ARTIGO 7: PUNTUACIONES.**
- ARTIGO 8: CLASIFICACION DO CAMPIONATO.**
- ARTIGO 9: PREMIOS E TROFEOS.**
- ARTIGO 10: OFICIAIS.**
- ARTIGO 11: PARQUE PECHADO E PRE-SAÍDA.**
- ARTIGO 12: PARQUE DE TRABALLO.**
- ARTIGO 13: NÚMEROS, PLACAS E PUBLICIDADE NOS VEHÍCULOS.**
- ARTIGO 14: DESENROLO DA PROBA.**
- ARTIGO 15: SEGURIDADE.**
- ARTIGO 16: PF.**
- ARTIGO 17: RECOÑECEMENTOS.**
- ARTIGO 18: ORDE DE SAIDA.**
- ARTIGO 19: ACTAS DE CLASIFICACIÓN.**
- ARTIGO 20: REFUELLING.**
- ARTIGO 21: RECURSOS MÉDICOS E SANITARIOS.**
- ARTIGO 22: NEUMATICOS.**
- ARTIGO 23: PROBAS PUNTUABLES.**
- ARTIGO 24: NORMATIVA SOBRE AS "CHICANS"**

ANEXOS:

- ANEXO 1: NORMAS A CUMPLIR.**
- ANEXO 2: PENALIZACIONES.**
- ANEXO 3: REGULAMENTO PARTICULAR.**
- ANEXO 4: SINALIZACION E MONTAXE.**
- ANEXO 5: INFORME TIPO.**
- ANEXO 6: HANS.**

A F.G.A. establece, para este ano, os seguintes Campionatos e Copas de Galicia de Montaña:

a) Campionato de Carrozados (CLASE 1,2,3,4,5A,5B,5C,6).

- Copa de Galicia de Montaña CLASE 1 (PF 15-39).
- Copa de Galicia de Montaña CLASE 2 (PF 40-79).
- Copa de Galicia de Montaña CLASE 3 (PF80-119).
- Copa de Galicia de Montaña CLASE 4 (PF 120-159).
- Copa de Galicia de Montaña CLASE 5A (PF 160-199).
- Copa de Galicia de Montaña CLASE 5B (PF 200-299).
- Copa de Galicia de Montaña CLASE 5C (PF >299).
- Copa de Galicia de Montaña CLASE 6 Vehículos grupo históricos.

b) Campionato Non Carrozados (CLASE 7,8,9,10).

- Copa de Galicia de Montaña CLASE 7 (CN. E2 SC, BARQUETA NACIONAL, E2SH, FORMULAS E BARQUETAS DE 2 A 3 L)
- Copa de Galicia de Montaña CLASE 8 (CM)
- Copa de Galicia de Montaña CLASE 9 (CARCROSS)
- Copa de Galicia de Montaña CLASE 10 (FORMULAS E BARQUETAS CON MOTOR DE MOTO, BARQUETAS ATA 2L CON MOTOR DE COCHE)
- Copa de Galicia de Montaña para Escuderías (debidamente rexistradas e en posesión de licenza de concursante expedida pola F.G.A.).
- Copa de Galicia de Montaña de Regularidade; Trofeos e Copas de Promoción que designe a F.G.A.

ARTIGO: 1. APLICACIÓN.

- 1.1** As prescricións comúns dos campionatos e copas de Galicia desta tempada.
- 1.2** O presente regulamento xeral e seus Anexos.
- 1.3** O Regulamento Particular da proba.
- 1.4** O C.D.I.
- 1.5** As prescricións xerais aplicadas a tódolos campionatos FIA.

ARTIGO: 2. DEFINICIÓNS.

2.1 Inicio.

Unha Proba de Montaña comeza o día das verificacións. A parte competitiva comeza no inicio da primeira manga.

2.2 Subida.

Parte do itinerario no que se desenrola a proba de velocidade pechada ó tráfico.

2.3 Neutralización.

Tempo que un equipo está parado polo organizador por calquera motivo, durante o cal se atopa en réxime de Parque Pechado.

2.4 Parque Pechado e Réxime de Parque Pechado.

Denomínase PARQUE PECHADO á zona de control onde está prohibida calquera reparación, salvo os casos previstos deste Regulamento ou no Regulamento particular da proba e só está permitida a entrada ós oficiais da proba. Durante o RÉXIME DE PARQUE PECHADO está prohibida calquera operación, comprobación, preparación e reparación de vehículos, soamente os previstos neste regulamento ou no regulamento particular da proba.

2.5 Asistencia.

Calquera traballo feito no vehículo.

2.6 Asistencia prohibida.

A utilización ou recepción, por parte do equipo, de calquera material manufacturado (sólido ou líquido, salvo proporcionado pola organización), de pezas de recambio, ferramentas ou útiles, excepto os transportados no vehículo de competición, ou a presenza de persoal do equipo. Tamén se considera

Asistencia prohibida o abandono do percorrido, así como remolcar ou empurrar o vehículo por persoas ou elementos distintos á tripulación, ben sexa directamente ou a través da propia tripulación, ou de calquera elemento que se interpoña sobre o vehículo.

2.7 Fin da proba de Montaña.

A competición finaliza coa publicación final. A parte competitiva finaliza no ultima Manga. Si se tivera que tomar algunha decisión acabada a proba pódese seguir os pasos do C.D.I.

2.8 Complemento.

Documento oficial por escrito que forma parte do regulamento particular do rallye, destinado a modificar, precisar ou completar o regulamento. Nos complementos deberá figurar a data e estarán numerados. Deberanse publicar na App Sportity e no taboleiro de anuncios e serán publicados por:

- a)** Os organizadores ata o comezo das verificacións, estando sometidos á aprobación da F.G.A.
- b)** Os Comisarios Deportivos durante o desenrolo da proba.

2.9 Comunicado.

Documento oficial por escrito de natureza informativa, que pode ser emitido polos Comisarios Deportivos ou polo Director da proba. Terá que ser posto na App "Sportity" ou no Taboleiro de anuncios.

2.10 Decisión.

Documento emitido polo Director da proba ou polos Comisarios Deportivos para comunicar as súas conclusións sobre unha enquisa, audiencia ou investigación.

2.11 Concursante.

Persoa física ou xurídica que ten unha licenza de concursante, valedoira para o ano en curso.

2.12 Tripulación.

A tripulación pode estar esta composta por 1 ou 2 persoas, dependendo da categoría a bordo dun vehículo, designadas como Piloto e Copiloto. As dúas deben ter a licenza que lle corresponde do ano en curso. O Piloto asume a responsabilidade do concursante cando este non estea a bordo.

2.20 Equipo.

Ademais da tripulación, defínese como Equipo a toda persoa relacionada co mesmo, calquera labor que faga.

ARTIGO 3: VEHÍCULOS ADMITIDOS.

3.1 Serán admitidos todos aqueles que figuran no Regulamento.

3.2 Serán admitidos todos os seguintes vehículos:

- CLASE 1 (PF 15-39).
- CLASE 2 (PF 40-79).
- CLASE 3 (PF80-119).
- CLASE 4 (PF 120-159).
- CLASE 5A (PF 160-199).
- CLASE 5B (PF 200-299).
- CLASE 5C (PF >299).
- CLASE 6 Vehículos grupo históricos.
- CLASE 7 CN. E2 SC, BARQUETA NACIONAL, E2SH, FORMULAS E BARQUETAS DE 2 A 3 L.
- CLASE 8 CM.
- CLASE 9 CARCROSS. Vehículos de propulsión traseira para vehículos Carcross de ata 600 c.c., que estean en posesión do pasaporte administrativo expedido pola F.G.A, para a tempada vixente. Os números de competición terán que ir nas verticais dos pontóns.
- CLASE 10 FORMULAS E BARQUETAS CON MOTOR DE MOTO, BARQUETAS ATA 2L CON MOTOR DE COCHE

3.3 Calquera peza do vehículo poderá ser obxecto en todo momento dunha marcaxe específica.

3.4 En calquera momento da proba poderanse realizar verificacións complementarias. Durante toda a proba, o concursante responsable da conformidade técnica do vehículo.

3.5 É responsabilidade do concursante manter, ata o final da Proba, as marcas de identificación ou precintos colocados no vehículo.

3.6 Os parafusos e as esparragos das rodas de tódolos vehículos en tódalas modalidades non poderán exceder do plano vertical exterior da lamia. Será causa de exclusión na verificación inicial dos vehículos que incumpran a normativa, antes, durante, e na verificación final de oficio da proba.

ARTIGO 4: NORMAS A CUMPRIR POLOS EQUIPOS.

Ademais das contempladas noutros artigos deste regulamento, pola súa importancia destácase as seguintes:

4.1 Os equipos deben comportarse sempre, dunha forma compatible co espírito deportivo.

4.2 Está prohibido admitir unha persoa allea no vehículo (salvo caso de emerxencia de feridos).

4.3 O abandono do Piloto ou Copiloto será motivo de DESCALIFICACIÓN.

4.4 Está prohibido ó equipo, baixo penalización bloquear intencionadamente o paso doutro participante ou impedir que sexa adiantado. O participante debe ter en conta as incidencias no treito e fixarse nos retrovisores.

4.5 Nin os vehículos nin a tripulación poden ser remolcados, transportados ou empurrados, soamente para poder volver a estrada ou para desbloquear o percorrido.

4.6 En todo momento , os equipos deberán seguir as instrucións dos oficiais.

4.7 Terá que entregar o PF obrigatoriamente para poder puntuar, así como a folla de seguridade debidamente cumprimentada e firmada polo piloto.

4.8 Unha vez entregado o PF non se poderá modificar durante o transcurso de proba, nin estará autorizado o cambio de categoría.

O PF pode ser calculado a través da aplicación no Sitio web: www.fiaperformancefactor.com

ARTIGO 5: DEREITO DE INSCRICIÓN.

5.1 Establecerase un máximo de dereitos de inscrición de 245 Euros aceptando a publicidade da organización, e de 490 Euros non aceptando a mesma.

5.2 Establecerase un mínimo de premios, sen contabilizar as fórmulas de promoción serán de 7320 Euros.

5.3 Os premios serán segundo a táboa publicada no Regulamento Particular tipo oficial da F.G.A.

5.4 Do cumprimento de dita normativa, darase traslado o Tribunal Galego de Apelación da F.G.A.

5.5 Si os participantes que se inscriban nunha proba non puidesen tomar parte na mesma, deberán comunicar a súa decisión, á Entidade Organizadora, coa maior antelación posible, pero sempre antes da publicación da Lista de Inscritos. Os organizadores e concursantes coidarán da exactitude da lista de inscritos debendo xustificar ante a F.G.A. calquera irregularidade.

ARTIGO 6: CLASIFICACIÓN DAS PROBAS.

Serán establecidas as seguintes clasificacións:

6.1 Unha clasificación xeral absoluta.

6.2 Unha clasificación xeral independente de Carrozados e de Non Carrozados.

6.3 Unha clasificación por Agrupacións.

6.3 Unha clasificación para Escuderías, segundo o criterio dos Regulamentos xerais do Campionato e Copas de Galicia de Escuderías.

6.4 Se o organizador prevese algunha clasificación mais, deberá facelo constar no regulamento particular da proba, e ser aprobado pola Secretaria da F.G.A.

ARTIGO 7: PUNTUACIÓNS.

7.1 Despois de cada proba puntuable e para cada unha das Agrupacións, serán atribuídos uns puntos ós condutores, segundo a súa clasificación, e de conformidade co seguinte baremo:

1º	2º	3	4º	5º
5	4	3	2	1

7.2 Atribucións de puntos de acordo co lugar obtido na clasificación xeral scratch.

1º	2º	3	4º	5º	6º	7º	8º	9º	10º	11º	12º	13	14º	15º
35	30	27	24	21	18	15	12	10	8	6	5	4	3	2

7.2.1.- Outorgaráselle un punto, a partir do 15, a todos os que finalicen a proba.

7.3 Os puntos obtidos de acordo ó indicado nos apartados 7.1 e 7.2 serán sumados ó total da proba considerada. Se algún regulamento prevé clasificacións distintas das anteriores, soamente se terán en conta as clasificacións, que o presente regulamento establece.

7.4 Para os campionatos de Galicia de Agrupacións obterase unha clasificación Scratch unicamente formada polos vehículos pertencentes a dita Agrupación.

7.5 Para os Campionatos de Galicia obterase unha clasificación scratch unicamente formada polos vehículos pertencentes a Carrozados ou Non Carrozados (independentes).

ARTIGO 8: CLASIFICACION DO CAMPIONATO.

8.1 A clasificación final do Campionato de Galicia de Montaña será establecida entre aqueles pilotos que participasen nun número de probas da metade mais unha, e asistir a 1 proba de cada provincia, sempre que se disputen mais de 1, de non cumprir o requisito non aparecerá na clasificación xeral do campionato.

8.2 Para a clasificación final reteranse e sumaranse os resultados de tódalas probas celebradas no calendario deste regulamento menos unha si son 6, e 2 no caso de mais de 6.

8.3 Se un piloto non participa nunha proba a mesma poderase descontar para a clasificación final.

8.4 No caso de empate final de varios participantes que tiveran igual número de puntos, teríase en conta os primeiros postos, os segundos, os terceiros, e así sucesivamente ata que desfixeran o citado empate. Si persiste o empate, gañará o que fixera o primeiro mellor resultado.

ARTIGO 9: PREMIOS E TROFEOS.

Os premios e Trofeos que se entregarán serán os seguintes: (Reparto de premios mínimo esixido pola Comisión de Montaña da F.G.A.)

TROFEOS XERAL CARROZADOS	
ORD	
1º	600 € e Trofeo e Coroa de Loureiro
2º	300 € e Trofeo
3º	150 € e Trofeo
	1.050 €

TROFEOS XERAL NON CARROZADOS	
ORD	
1º	600 € e Trofeo e Coroa de Loureiro
2º	300 € e Trofeo
3º	150 € e Trofeo
	1.050 €

PREMIOS E TROFEOS XERAL A CADA CLASE:

	CLASE 1, 2, 3, 4, 5A, 5B, 5C, 6, 7, 8, 9, 10
1º	245€ e Trofeo
2º	140€ e Trofeo
3º	50€
TOTAL	435*12: 5.220 €

TOTAL PREMIOS EN METÁLICO: 7.320 €.

PREMIOS POR PROBA: Regularidade Sport 80 Qm/h.: Os premios e trofeos que se entregarán a piloto e copiloto serán os seguintes:

De 6 ata 9 participantes

Regularidade Sport 80 Qm/h.

- 1º 150 €
- 2º 100 €
- 3º 50 €

de 10 a 19 participantes:

Regularidade Sport 80 Qm/h.

- 1º 200 €
- 2º 150 €
- 3º 100 €
- 4º 50 €

Con 20 ou máis participantes:

Regularidade Sport 80 Qm/h.

- 1º 350 €
- 2º 300 €
- 3º 200 €
- 4º 100 €
- 5º 50 €

ARTIGO 10: OFICIAIS.

10.1 Ningunha Organización poderá incluír nos Cadros de Oficiais das súas probas a membros da Xunta Directiva, ou da Comisión Delegada sen haber obtido previamente permiso por escrito do Presidente da F.G.A.

Ademais do establecido nas Prescricións comúns dos Campionatos, Copas e Trofeos, serán de obrigado cumprimento:

10.2 Comisarios Deportivos:

10.2.1 Os Colexios de "Comisarios Deportivos", serán nomeados pola F.G.A. para contrastala capacitación e unificalos criterios de actuación axeitados ás directrices da F.G.A. A F.G.A. poderá nomear 1 Comisario Deportivo (CD) para cada proba e exercerá como Presidente do Colexio de Comisarios Deportivos, o organizador poderá nomear os outros 2 comisarios deportivos, tendo que elixir 1 deles da bolsa de Oficiais inscritos na F.G.A. Deberase presentar un programa de reunións de Comisarios Deportivos á apertura das verificacións administrativas, debendo estar estes, constituídos en colexio permanente, e localizables en calquera momento, de forma que se poida convocar algún tipo de actuación. Poderán fixase dous Comisarios (en prácticas).

10.2.2 A Federación estudiará propostas dos organizadores, por escrito e razoadas, da conveniencia de inclusión de Comisarios, no cadro de oficiais de cada proba, así como do presidente dos Colexios, que obrigatoriamente terá que ter recoñecida a titulación, "CD", ou "DC", na súa licenza, como rexistro previo para a aprobación do seu regulamento particular.

10.2.3 Os Colexios de Comisarios terán que ter o certificado de aceptación, da "Federación Galega de Automobilismo", para que o regulamento particular da proba poida ser aprobado a efectos administrativos é deportivos.

10.2.4 Os que figuran nos Regulamentos Particulares tipo, coa súa correspondente licenzas previstas no Anexo I das Prescricións comúns, debendo figurar o seu número no Cadro de Oficiais e achegando a aceptación do cargo firmada polos oficiais nomeados. A F.G.A. resérvase o dereito de nomear ós Comisarios Deportivos en cada proba. No caso de producirse algunha baixa por causa de forza maior, quen ó substitúa deberá reunir as mesmas condicións e posuír idéntico tipo de licenza. O Delegado/Observador da F.G.A. designado para cada proba, poderá verificar as licenzas dos Oficiais mencionados. O Comité Organizador (Presidente Entidade, Director da Carreira e Xefe de Seguridade

Vial), deberán firmar os Regulamentos, e os Permisos de Organización con aceptación de responsabilidades, así como os Oficiais nomeados no mesmo.

10.2.5 Deberán estar en comunicación co Director da proba e alo menos un debe encontrarse en Dirección de Carreira, co obxectivo de que poidan tomarse as accións adecuadas sen retraso.

10.2.6 Non poderán realizar funcións distintas ás previstas no CDI.

10.2.7 Durante as reunións de Comisarios Deportivos poderán estar presentes as seguintes persoas:

- Director da Proba.
- Delegados da F.G.A.
- Comisarios oíntes.
- O Observador da F.G.A.
- O Secretario do Colexio.

Durante as deliberacións só poderán estar os Comisarios Deportivos e os oíntes, que non poden botar.

10.2.7 Durante o desenrolo da proba, as reunións e decisións dos Comisarios Deportivos reflexaranse nos correspondentes documentos que deberán estar firmados.

10.2.8 O Presidente dos Comisarios Deportivos será o responsable de enviar a documentación á F.G.A.

10.3 Delegado Técnico e Comisarios Técnicos:

10.3.1 A F.G.A. poderá nomear 1 Delegado Técnico en cada proba e exercera como Presidente dos Comisarios Técnicos coa titulación de "JOC".

10.3.2 O Organizador nomeará un Comisario Técnico Xefe coa cualificación e titulación de "JOC". A obtención de dita titulación terá que ser solicitada a secretaría da F.G.A. por escrito, e será expedidas basándose na capacitación e competencia demostrada en probas/anos anteriores contrastadas pola Comisión Executiva da F.G.A. presidida polo Presidente da F.G.A.

10.3.3 O Organizador designará na súa proba, previa aceptación da F.G.A. a 3 Comisarios Técnicos, debidamente licenciados e competentes, para o control, precintaxe, e verificacións dos turbos e pesaxe dos vehículos. Será tarefa tamén dos Comisarios Técnicos o control dos vehículos participantes en canto ó establecido anteriormente durante o transcurso da proba e despois da súa finalización, acordo á regulamentación. Emitirán acta ou informe verbal da súa tarefa ós Comisarios Deportivos.

As organizacións terán que habilitar unhas instalacións axeitadas para o correcto desenrolo da labor dos Comisarios Técnicos, así como dotar de medios para confección dos informes.

10.3.4 O Delegado Técnico, poderá realizar verificacións de oficio en calquera momento da proba previa comunicación ó Director de carreira e o Colexio de C.D.

10.4 Observador/Delegado de Seguridade da F.G.A.

10.4.1 A F.G.A. poderá nomear un Observador/ Delegado para cada proba. O Observador/Delegado terá funcións executivas en materia de seguridade, e a supervisión total para posterior informe da F.G.A., tendo libre acceso a tódalas actuacións, tanto en Dirección de Carreira, Comisarios, Cronometradores, clasificacións, parques, e percorridos da proba, etc.

10.4.2 O Observador/ Delegado da F.G.A. deberán comprobar, antes do comezo da saída, a existencia dunha póliza de seguro conforme coas prescricións comúns.

10.4.3 Será de obrigado cumprimento que no regulamento particular da proba figure o nome do Observador/Delegado da F.G.A. O vehículo a utilizar, deberá estar identificado mediante placas en cada porta dianteira, coa lenda "OBSERVADOR/DELEGADO F.G.A.", subministrados polo organizador da proba. Este revisará o correcto plan de seguridade e terá a potestade de retrasar ou anular un treito si considera que a situación do público non e a correcta e ai un problema de seguridade.

10.4.4 As puntuacións que emitirán no informe o Observador/ Delegado da F.G.A., serán vinculantes para as valoracións que a Federación realice posteriormente para os efectos que estime oportuno sobre a proba.

10.5 Director da Proba.

10.5.1 Será o responsable de que a Proba se desenrole de conformidade co regulamento aplicable.

10.5.2 Presentará os Comisarios Deportivos calquera proposta relativa a cambios do Programa Oficial infraccións o reclamacións dun Concursante.

10.5.3 Cumprirá con todas as responsabilidades inherentes ó cargo que se especifican no CDI.

10.6 Relacións cos participantes.

Os organizadores deberán nomear polo menos un oficial responsable das Relacións cos Participantes. As funcións do Relacións cos Participantes deberá ser confiada obrigatoriamente a un oficial experimentado con coñecemento tanto da regulamentación, como dos diferentes trámites a realizar para orientar ós concursantes. Funcións principais:

- a) Proporcionar os Participantes información, aclaracións ou precisións relativas ós regulamentos, ó desenrolo da proba e ó cronometraxe e ter unha permanente actitude de conciliación.
- b) Recibir as solicitudes ou peticións dos Participantes e intentar solucionarlas con explicacións precisas evitando no posible innecesarias intervencións dos Comisarios Deportivos, Director da Proba ou Cronometradores, salvo que se trate dunha reclamación. En todo caso o Relacións cos Participantes absterá de manifestar opinións ou accións que poidan xerar protestas ou Reclamacións.
- c) Permanecerá en contacto cos Comisarios Deportivos e Dirección da Proba ó fin de estar informados das decisións que estes tomen no desenrolo das súas funcións.
- d) Xestionar, en colaboración coa secretaría, a localización dos Participantes convocados polos Comisarios Deportivos ou pola Dirección da Proba e a transmisión ou firma de documentos, citacións, etc. emitidos por estes.
- e) O Relacións cos Participantes deberá constar no Regulamento Particular e no Taboleiro de Avisos. Deberá ir acompañado dunha fotografía e un número de teléfono móbil onde poida ser localizado. Deberá ser facilmente identificable. Para elo utilizará durante toda a proba un chaleco de color verde que levará impresa tanto na parte dianteira como na traseira a inscrición Relacións cos Participantes.

10.7 Oficial da Publicidade.

Recomendase o nomeamento dun Responsable de Publicidade.

ARTIGO 11: PARQUE PECHADO, PRE-SAÍDA E CHEGADA.

O parque de pre-saída e de chegada deberán estar delimitados e consideraranse Parque Pechado.

11.1 Será o lugar previsto no Regulamento Particular, ó que o Concurante estará obrigado a conducir o seu/s vehículo/s.

11.2 No interior do Parque Pechado, onde non poderán entrar máis que ós Oficiais da proba e os destinados á vixilancia, quedará prohibida calquera comprobación ou reparación, salvo se o autorizaran os Comisarios Deportivos ou Técnicos.

11.3 O Regulamento Particular da proba precisará o lugar no que se instalará o Parque Pechado, así como a hora límite de entrada.

11.4 O Parque Pechado contará coas dimensións adecuadas e estarán correctamente valados para que nel non poidan acceder persoas non autorizadas.

11.5 O Parque Pechado será controlado por oficiais colexiados designados polo Organizador, que serán os responsables do seu bo funcionamento.

11.6 Os vehículos quedarán obrigatoriamente en réxime de Parque Pechado dende o final do derradeiro participante ata o final da cerimonia de entrega de premios.

ARTIGO 12: PARQUE DE TRABALLO.

12.1 O Parque de Traballo ordenarase por número de menor a maior e o número 1 deberá ser o que se atope máis próximo a saída da proba.

12.2 Nos parques de traballo queda totalmente prohibido facer manobras de quentamento de pneumáticos, tendo que circular de maneira segura e a unha velocidade reducida, o incumprimento desta norma poderá ser motivo de descalificación.

12.3 Os organizadores tomarán as medidas necesarias de control das asistencias ilegais.

12.4 A hora límite de entrada ó P.T. será a criterio dos organizadores.

12.5 Os P.T. deben estar emprazados en espazos asfaltados, con luz artificial, e suficientemente amplos para garantir a seguridade dos equipos e do público, debendo dispor dun espazo adecuado para cada vehículo. Recoméndase prever a circulación en carrís dun só sentido, nos que recoméndase que estea limitado ou controlado o paso do público.

12.6 Os P.T. deberán dispor dos sistemas de extinción adecuados. Debendo ter un mínimo de 3 extintores, de polo menos 6 kgs., no parque e un vehículo contra incendios (recomendado); si se realizase nun recinto feiral, servirá co sistema contra incendios instalado no recinto e a organización debe dispor dunha copia do plan de actuación de dito recinto feiral.

12.7 Nos P.T. recoméndase prever servizos de WC. e contedores suficientes para o lixo que xeneren os equipos. Así mesmo serán válidos os servizos dun Centro Comercial ou cafetería próximos o P.T., non estando este excesivamente lonxe do parque.

12.8 A velocidade máxima dos vehículos que circulen polo P.T. nunca será superior a 30km/h podendo ser controlada e sancionada. quedando tamén prohibido calquera tipo de manobra que non sexa a propia da circulación normal. O incumprimento deste apartado poderá ser motivo de descalificación da proba a criterio dos Comisarios Deportivos, e traslado o F.G.A.

12.9 O espazo para asistencia por participante déixase a criterio do Organizador.

12.10 O Organizador deberá coordinar cos responsables dunha Copa de promoción. a ubicación no P.T. dos vehículos participantes nas mesmas.

12.11 Recoméndase o Organizador elaborar un plano de ubicación do P.T. así como o lugar asignado a cada vehículo. Para elo os equipos deberán indicar se comparten asistencia e debera ser comprobado este dato durante as verificacións administrativas.

12.12 Os equipos deberán deixar o lugar onde realizaron a asistencia nas mesmas condicións encontradas, depositando o lixo e os materiais inservibles nos contedores ubicados no propio P.T.

12.13 Vehículos admitidos nun Parque de Traballo

a) Soamente un vehículo de Asistencia, como máximo a criterio da organización, por vehículo inscrito poden actuar en cada P.T. Estes vehículos deben estar claramente identificados por placas de "Asistencia numeradas" entregadas polo Organizador e colocadas nun lugar visible, na parte superior esquerda do parabrisas dianteiro, indo obrigatoriamente pegadas para poder acceder o P.T. Recoméndase que as placas teñan os dorsais dos equipos participantes. Se varios equipos comparten asistencia entregárase como máximo dúas placas a ese grupo de equipos de asistencia compartida.

b) Será de obrigatorio cumprimento, a identificación en todo momento do/s vehículo/s de asistencia, matrícula, etc. A notificación á organización será prevista na folla de inscrición, tendo como prazo límite a publicación da lista de inscritos. No caso de non confirmar da totalidade do espazo necesario a organización exímese de responsabilidade, contando só co espazo necesario para un vehículo de asistencia por participante poderase negar a entrada a calquera coche que non estea completamente identificado e en posesión de licenza de asistencia.

ARTIGO 13: NÚMEROS, PLACAS E PUBLICIDADE NOS VEHÍCULOS.

13.1 As cifras que formen o número de competición serán de cor amarelo reflectinte sobre fondo negro rectangular incluíndo publicidade obrigatoria.

13.2 O deseño das placas e publicidade respectará, obrigatoriamente, as medidas do gráfico adxunto: Largo: 70 cmts. Ancho: 17,5 cmts. Número e placa 48 cmts.

Publicidade incluída no nº 22,5 cmts.

Publicidade optativa porta dianteira 20x15 cmts.

Publicidade optativa traseira 40x12 cmts

13.3 Os números de competición sobre cada vehículo colocaranse da seguinte maneira:

a) Nas portas dianteiras dos vehículos á altura do piloto, quedan reservadas exclusivamente para os números de competición, publicidade das fórmulas de promoción, e publicidade optativa dos organizadores das probas.

b) Vidro traseiro: Un xogo do número de competición, de cor amarelo fluorescente, de 14 cm. de altura. Este número colocarase na parte superior do cristal traseiro, a esquerda, e deberá ser lexible desde a parte posterior do vehículo e unha publicidade optativa dos organizadores das probas.

c) Nos Formulas e nos Carcross iran postos segundo o deseño (Artigo 13.8) adxunto de cada modalidade. No caso de que lles faltase espazo, deberán pedir autorización o Colexio de Comisarios Deportivos

13.4 Sobre os vidros laterais traseiros as letras deben de ser brancas e dun máximo de 10 cm. de altura

REGULAMENTO XERAL DO CAMPIONATO DE GALICIA DE MONTAÑA 2024

en maiúsculas e minúsculas, figurará a reprodución da bandeira autonómica ou nacional do piloto, ou dos pilotos, que conduzan o vehículo así como os seus nomes. A altura mínima da reprodución da bandeira e das letras dos nomes será de 4 cm. A distancia entre o borde do trazo das cifras e o borde do fondo non será inferior a 5 cm. en ningún sitio.

13.5 Normativa sobre os números de competición, crease a seguinte táboa de penalizacións:

a) Recortalos números e variar o lugar asinado:

Anulando o fondo:

Descalificación.

Variando lugar asinado:

Descalificación.


b) Recortalos números parcialmente: **Penalización 2 minutos.**

13.6 O parabrisas e as superficies de vidro das portas dianteiras deberán quedar libres de toda inscrición, a excepción dun parasol que teña unha altura máxima de 15cm. na parte superior do parabrisas, tendo prioridade por orde de prelación: Fórmulas de promoción, interese do concursante.


13.7 Os números de competición para cada vehículo serán facilitados pola Organización e a eles poderá ir unida a publicidade da mesma, que os participantes terán a obriga de aceptar nas condicións fixadas no artigo da Publicidade das Prescricións Comúns.

13.8 Deseño:


Exemplo 1: TURISMOS.



Exemplo 2: CARCROOS.



Exemplo 3: FORMULAS.



ARTIGO 14: DESENROLO DA PROBA.

14.1 En cada vehículo haberá unicamente 1 ou 2 persoas a bordo (dependendo do regulamento), unha delas en posesión de licenza de condutor, e a outra de copiloto ou piloto. Un piloto que figure inscrito como primeiro condutor nunha proba puntuable non poderá tomar parte neste mesma proba como segundo condutor de ningún outro vehículo.

14.2 Recoméndase ás Organizacións de Montaña que coiden moi especialmente a orde de adjudicación dos números, previa aprobación e sinatura da F.G.A. para a súa publicación, para evitar adiantamentos nas mangas cronometrados. Os cambios de posición do posto de saída dos equipos participantes, so poderá ser modificada polo Colexio de Comisarios Deportivos unha vez publicada a Lista de Inscritos.

14.3 Na saída os coches deberanse colocar da seguinte forma:

14.3.1 A orde de saída das probas da especialidade de Montaña, en tódalas mangas, será de maneira descendente ou inversa, primeiro sairá o último dorsal e de último sairá o número 1

14.3.2 Non está autorizado o uso de calentadores de pneumáticos, nin quentar os pneumáticos por procedementos técnicos e/o mecánicos o de calquera outra maneira e en calquera zona, baixo pena de sanción por parte dos Comisarios Deportivos????????? .

14.3.3 A fotocélula colocarse a 50 cm. despois da liña de saída.

14.3.4 Para a caravana de descenso, en calquera caso, establécense as seguintes medidas de seguridade obrigatorias para os pilotos:

- a) Circulación a velocidade reducida, seguindo inmediatamente ao vehículo precedente e sen realizar manobras que poidan poñer en perigo a seguridade tanto do piloto como do público.
- b) Non deterse no trazado, fóra de que poida sobrevir un problema.
- c) Circular cos arneses de seguridade colocados.
- d) **Para os vehículos abertos ou non carrozados**, utilización do casco, debidamente abrochado. Recoméndase tamén o seu emprego nos vehículos carrozados.
- e) Prohibición de que no vehículo circule outra tripulación que a establecida.
- f) Taboleiro de avisos: Será obrigatoria a instalación dun taboleiro de avisos na secretaría da proba, Parque Pre-saída, Traballo, ou Parque Pechado onde estarán expostos (anexos, citacións a participantes, tempos, seguros, etc.). Recoméndase facer un tablón dixital na forma que o organizador crea mais convinte para a difusión de documentación (modelo Sportity).

14.4 A proba;

14.4.1 Os condutores deberán estar a disposición dos oficiais da proba, 20 minutos antes do horario de saída previsto. O organizador creará unha zona de Pre-saída sinalizada mediante carteis de inicio e fin de Pre-saída, onde os vehículos serán revisados e controlados polos Comisarios Técnicos e Comisarios de Pre-saída.

14.4.2 O piloto que non estea no seu posto de saída, cando lle corresponda por número correlativo, quedará excluído da manga.

14.4.3 Non se permitirá variara orde de saída, para non desvirtualo "fair-play" da proba, e cumprilo mandado polo habilitado.

14.4.4 Saída: O xefe de posto, encargaranse de situalo vehículo e de comproba-las medidas de seguridade do piloto (arnés, casco, vestimenta, etc). A saída darase co vehículo parado e motor en marcha. No caso de apagado de motor dun vehículo ás ordes do xuíz de saída, a posterior posta en marcha do mesmo non poderá realizarse empurrando ou aproveitando o desnivel da mesma. Unha vez dada a sinal de saída, ou a posta en funcionamento do reloxo de saída, se o tempo transcorrido desde dito instante ata a activación do cronometraxe é superior a 30 segundos será causa de exclusión da manga.

14.4.5 Chegada: Será lanzada e quedará prohibido deterse ata 200 metros pasada a liña de chegada onde os vehículos ordenaranse para organizala caravana de baixada para tomar novamente a saída.

14.4.6 Carreira: Todo vehículo alcanzado terá que deixar libre o paso minorando a marcha e facilitando a manobra do vehículo co alcanza. Si por calquera motivo se ve obrigado a deterse en carreira, o condutor deberá situalo de forma que non represente un perigo para os demais participantes. Está especificamente PROHIBIDO desprazarse en sentido contrario ó da carreira; o incumprimento desta norma será motivo de EXCLUSIÓN, e proposta de apertura de expediente disciplinario. Todo vehículo que tomara a saída (adestramento ou oficial). No caso de que exista unha bandeira vermella en pista os vehículos baixaran a volveran a retomar a saída, non podendo tocar nin cambiar ningún elemento do vehículo, xa que este tempo considerárase Parque Pechado.

14.4.7 Cronometraxe: Tanto en saída como en chegada a cronometraxe será feito á milésima de segundo por células fotoeléctricas con impresión e dobraxe obrigatorio (Tag Heuer).

14.4.8 A caravana de vehículos debe baixar no mesmo orde que chegaron a meta, para o seu regreso será en convoi sen realizar ningún tipo de parada.

14.4.9 En caso de accidente só sairá o xefe de seguridade e o será o encargado de avaliar se é necesario calquera intervención, polo menos que o responsable de posto solicite a intervención de equipos de rescate ou ambulancia.

14.4.10 En cada proba deberá de realizarse unha reunión de todos os participantes para explicar e detallar o funcionamento da fin de semana e resolver dúbidas.

NOTA: Advírtese os vehículos "0" e "00" que en todo momento teñen que baixalos vehículos comprimidos, sen separación e baixo un control estrito e a velocidade moi moderada. Así mesmo notificase aos participantes, moi en especial os de regularidade, que a partir da data requirirase os Colexios de Comisarios Deportivos para que calquera conduta antideportiva sexa sancionada con "Exclusión" con posterior traslado o "Tribunal Galego de Apelación" da Federación Galega de Automobilismo, para depuralas presuntas condutas antideportivas non axustadas o Regulamento da proba e do Anuario Deportivo.

ARTIGO 15: SEGURIDADE.

15.1 Será obrigatorio, ademais do establecido no Anexo J, o uso de:

- Casco homologado en tódalas Mangas cronometrados.
- Hans homologado, en tódalas Mangas cronometrados.**(VER ANEXO 6 DESTE REGULAMENTO)**
- Cintos de seguridade en tódalas Mangas cronometrados.
- Mono ignífugo homologado, soto casco, calcetíns, e roupa interior (homologados e ignífugos).
- Luvas, calzado (homologados e ignífugos).

IMPORTANTE: En cada principio de treito cronometrado deberá haber 1 guindastre e aínda que se recomenda 2 guindastres. Así mesmo, deberá funcionar un sistema de comunicación, e dirección de carreira, de forma que a organización poida estar informada con rapidez e actuar con eficacia ante calquera incidente ou accidente da proba.

ARTIGO 16: PF.

O Performance Factor (en adiante PF) e un concepto que a FIA introduce en el campionato de Europa de Montaña e que posteriormente foi incluído en el CEM e no Campionato Galego de Montaña.

Dito de outra forma e unha maneira de clasificar os vehículos TURISMOS , dito cálculo consiste en asignar un valor de rendemento específico para cada un de acordo con seu peso e certos parámetros técnicos.

Unha vez entregado o PF non se poderá modificar durante o transcurso de proba, nin estará autorizado o cambio de categoría.

O PF pode ser calculado a través da aplicación no sitio web: www.fiaperformancefactor.com

ARTIGO 17: RECOÑECIMENTOS.

17.1 Queda terminantemente prohibido realizar adestramentos fora do horario previsto a este efecto. A velocidade dos recoñecementos non pode sobrepasar os 90 quilómetros/hora.

17.2 Tanto en adestramentos como na carreira, deberán colocarse bolardos de plástico ou barreiras de plástico tipo new xersei, nas beiravías das curvas ou cunetas, de forma que se impida que os vehículos pisen zonas sen asfaltar e ensucien a pista con terra ou pedras. Excepcionalmente, a federación ou, na súa falta, o Delegado de Seguridade, poderá aprobar outros elementos alternativos

ARTIGO 18 ORDE DE SAIDA.

A orde de saída establecerase polo criterio, segundo a Lei Xeral do Deporte de Galicia (Lei 3/2012, de 2 de abril), conforme á competencia exclusiva (artigo 27.22 do noso Estatuto de Autonomía), e sen ningunha discriminación:

A orde de saída das probas da especialidade de Montaña, en tódalas mangas, será de maneira descendente ou inversa, primeiro sairá o ultimo dorsal e de ultimo sairá o numero 1.

Número 1, Campión Galego de Montaña actual.

ARTIGO 19: ACTAS DE CLASIFICACIÓN.

19.1 As clasificacións especificarán se as licenzas de Concursante, Piloto, e Copiloto concordan coa realidade de vixencia para o ano en curso.

19.2 Procedemento para establecelas clasificacións. As clasificacións estableceranse sumando os tempos obtidos nos Treitos Cronometrados, e as penalizacións en tempo incorridas nos sectores de enlace, así como calquera outra penalización que se exprese en tempo e forma.

19.3 Publicación de resultados. No transcurso da Proba as clasificacións serán publicadas de acordo co seguinte criterio:

- Clasificacións provisionais: Clasificacións publicadas ó final dunha Manga a través da web www.temposfga.es/.com/.gal/.eu/.
- Clasificación Provisional scratch: Clasificación publicada pola dirección da Proba ó final da mesma a través da web www.temposfga.es/.com/.gal/.eu/.

Clasificación final scratch: Clasificación aprobada polos Comisarios Deportivos. En tódalas clasificacións finais incluíranse absolutos, así como toda penalización que se exprese en tempo e forma. O formato será de 3 mangas sábado e 3 domingo, tendo 1 manga de adestramentos cada día e dúas de carreira. Das dúas mangas de carreira de cada día cada piloto collerá o mellor tempo e sumaranse a do sábado e a do domingo. Si un piloto non finaliza ningunha das dúas mangas dun día poderá coller as do outro día engadindo unha penalización de 30 segundos a suma do tempo total.

19.4 Empate nunha Proba: No caso de empate, será proclamado vencedor aquel que realizara o mellor tempo no primeira Manga. Si non fora suficiente para desfacer os empates, tomaríanse en consideración os tempos da segunda, terceira e cuarta treito Manga, etc. Esta regra de desempate poderá ser aplicada en calquera momento da Proba.

19.5 Unha vez feita pública a Clasificación da proba, a Entidade Organizadora disporá de dous días para facer chegar á F.G.A., as actas de clasificación en modelo oficial, na que consten os vehículos que tomaron a saída e non finalizaron a proba, así como dos contratempes acaecidos.

19.6 De mediar reclamación, disporase así mesmo de dous días, a partir do día que se falle a reclamación, no caso de non mediar apelación para comunicalo á F.G.A.

19.7 Ademais, no caso de non mediar ningunha reclamación, a Organización entregará ó Observador da F.G.A. unha copia firmada da clasificación xeral e clasificacións parciais pertinentes, co fin de que este as faga chegar á sede da F.G.A. para poder levar ó día as clasificacións dos diversos Campionatos e Copas de Galicia de xeito oficial e colexiado.

19.8 As organizacións remitirán á F.G.A. nun prazo de 3 días, a partir da finalización da proba, un informe no que conste toda a documentación xurdida no desenrolo da mesma.

ARTIGO 20: REFUELLING.

Se fará de acordo coas Prescricións Comúns.

20.1 CARBURANTE: O carburante empregado deberá ser conforme a normativa indicada en el Anexo J del C.D.I. da no conformidade entrañara a descalificación.

ARTIGO 21: RECURSOS MÉDICOS E SANITARIOS.

- 1) VEHÍCULO "R" con Piloto rescatador, D.U.E. e Médico.
- 2) Ambulancia S.V.A (Medicalizada) T.E.S. Conductor D.U.E. Según decreto con Médico.
- 3) Ambulancia S.V.B. T.E.S (Conductor) T.E.S (Axudante)
- 4) Camión de bombeiros (persoal mínimo 2 persoas)

ARTIGO 22: PNEUMATICOS.

22.1 En cada subida marcaranse dous xogos de pneumáticos, de seco, podendo só ser un novo a estrear e outro usado. Os equipos que o desexen, e o soliciten, marcaránselle os dous xogos de pneumáticos usados con marcas de probas anteriores.

22.2 O uso dos dous xogos de pneumáticos, de seco, pódense montar ao gusto do participante indistintamente nas seis mangas (sábado e domingo) xa ben sexa nos adestramentos ou mangas oficiais.

22.3 De pinchar, rebentar, ou desllantar un pneumático só se poderá, previa revisión dos Comisarios Técnicos e autorización dos Comisarios Deportivos, substituír a lamia-pneumático danado, queda prohibida a monta do eixe (2 pneumáticos) en cuestión.

22.4 Os pneumáticos de mollado (4 unidades) terán que ser marcados tamén, e rexerá así o mesmo co criterio do punto 22.3 deste artigo. (anterior).

22.5 O xogo de pneumáticos usados, presentados para o seu marcaxe, serán aceptados, ou non, a exclusivo criterio dos comisarios técnicos para evitalas posibles picardías de tentar marcar pneumáticos novos.

ARTIGO 23: PROBAS PUNTUABLES.

As probas que procedan de outro Campionato ou se fagan por primeira vez e queiran optar a entrada no Campionato, deberan facer unha preinspección a F.G.A. e pagar os dereitos de Calendario. A F.G.A poderá mandar os oficiais que considere oportuno para poder avaliar a proba.

As probas serán as que recollan mellor puntuación nos informes do Observador /Delegado de Seguridade da F.G.A.

CALENDARIO CAMPIONATO DE GALICIA DE MONTAÑA:

DATA	PROBA	ESCUADERIA

ARTIGO 24: NORMATIVA DE OBRIGADO CUMPRIMENTO SOBRE AS "CHICANS"

24.1 Para instalar unha "chican" debera solicitarse autorización con anterioridade a presentación da aprobación do regulamento particular da proba, á Secretaría da F.G.A. por escrito.

24.2 Haberá que aportar á F.G.A. un plano con medidas e material a utilizar "New jersey plástico" (obrigatorio). Só se encherán, como máximo, ata cinco centímetros de auga desde o chan (obrigatorio).

24.3 Tódalas "chicans" téñense que dotar de catro barreiras :dúas no lado dereito e dúas no lado esquerdo, estando prohibidas as "chicans" de tres portas a tódolos efectos de utilización e de aprobación.

24.4 O Delegado de Seguridade, da F.G.A. visitará o lugar, acompañado de membros da entidade organizadora e emitirá un informe, que será vinculante para a aprobación ou denegación de cada "chican" en cuestión, así como o regulamento particular da proba.

24.5 A separación das "New jersey" dependerá da recta anterior, posterior, e da velocidade de chegada a primeira "New jersey".

24.6 Cada "chican" terá que ter dous oficiais (OD), debidamente licenciados, para velar polo correcto uso, reposición, e penalización por movemento ou derribo. Terá que figurar no regulamento particular da proba a penalización. (Exemplo: 10 segundos por desprazar, mover, derrubar, ou tirar cada barreira de "New jersey"; con informe por escrito do Comisario OD. Aportaráselle folla tipo de penalizacións individualizada para cada posible infractor) farase chegar o Colexio de Comisarios Deportivos.

24.7 Os Comisarios (OD) e as "chincans" terán que estar debidamente reflexados no regulamento particular de cada proba, a aprobar pola Secretaría da F.G.A..

